

# Ilustrísima

Carlos Casares

Prólogo de  
Gonzalo Torrente Ballester



## PRÓLOGO

La publicación en castellano de Ilustrísima, novela de Carlos Casares que vio la luz en lengua gallega, me ofrece la ocasión, que aprovecho del mejor grado, para presentar a los lectores españoles a un escritor parcialmente desconocido. Pero, desconocido, ¿por qué? Aunque suponga una prematura desviación momentánea de mi propósito, quiero con toda la vehemencia de mi rabo y protestar, con palabras, contra ese ghetto de ignorancia en que el español medio y muy buena parte de los que habitualmente leen, tienen y mantienen a los escritores en lenguas vernáculos. El hecho es irritante, y si por una parte parece mayor la distancia que separa a un español no bilingüe del catalán o del gallego que del francés, por

# A proxección internacional da obra de *Carlos Casares*

Ana Luna Alonso

Universidade de Vigo

## Casares axente literario e tradutor

Os contemporáneos de Carlos Casares adoitan dicir que unha das súas constantes preocupacións era a tradución, coa intención de permitir que a sociedade galega e sobre todo as novas xeracións puidesen acceder, directamente dende a súa propia lingua e sen intermediación, ao coñecemento das grandes autorías universais.

*Carlos actuaba sempre como embaixador. Non de si mesmo, senón de todos nós. A súa relación con outras culturas e outras literaturas (incluídos editores, axentes literarios e institucións) viñanlle en parte das súas experiencias persoais e familiares, pero moi fundamentalmente da súa enorme curiosidade intelectual, que desde moi novo o empurrara cara a eses espazos de relación (inicialmente a literatura francesa), ademais da súa convicción herdada do mellor galeguismo, de que só abrindo Galicia e a súa literatura ao mundo, proxectándonos cara ao exterior e deixando que entrase o aire por todos os balcóns, podería a nosa literatura periférica entrar na modernidade e fortalecer os seus procesos de renovación. (Freixanes 2003: 223)*

Sempre estivo moi pendente do resultado das traducións, ben fose do galego a outras linguas ou doutros idiomas ao noso. Considerábaas a mellor porta que se lle podía abrir ás literaturas para espallar o seu coñecemento, cría preciso abordalas con rigor, sensibilidade e corrección. O prologuista de varios dos seus textos ao castelán, Juan Cruz apunta que Casares deixou a súa obra nun segundo plano polos libros dos outros, aludindo á súa faceta de editor e difusor cultural.

Dende ben novo, o escritor traduce e encarga traducións (se sumamos a autotradución xunto coa tradución que fixo de autoría allea computamos un total de 23 traducións), seguindo un programa literario persoal.

Nos seus inicios de autor xa era moi consciente de que a literatura galega precisaba de textos infantís contemporáneos. O seu proxecto buscaba cubrir os baleiros que era necesario ocupar para normalizar o sistema cultural. Para saber cales eran esas carencias, puxo en marcha dende o Consello da Cultura Galega (1996- 2002) a elaboración do *Catálogo da literatura galega traducida a outros idiomas*<sup>1</sup>, un catálogo

1 En: [http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo\\_traducidas.pdf](http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf).



Imaxe de O Principiño (1972, Galaxia),  
tradución de Carlos Casares.

go ao que quere contribuír o grupo de investigación da Universidade de Vigo (Bitraga)<sup>2</sup>, dándolle en certo modo continuidade ao rexistrar todas as referencias editadas en formato libro das traducións literarias publicadas dende 1980 ata a actualidade dende e cara á lingua galega.

Casares, xunto co grupo da editorial Galaxia, participou na posta en marcha dun programa estratéxico de planificación cultural para Galicia. Procurou un sistema literario de prestixio e con poder simbólico e incorporou elementos e materiais propios dunha nación, que son precisos para asentar a identidade. Unha grande parte do catálogo da editora que Casares dirixiu durante máis de 15 anos (1986-2002), inclúe creadores e creadoras dos contos máis populares como Andersen, Perrault ou Grimm; autorías do denominado canon universal destinadas a todo tipo de lectorado como Oscar Wilde, Herman Hesse, Mary Shelley, Graham Green

ou Carlo Collodi; escritores e escritoras amplamente recoñecidas e xa consagradas como Rodari, James Barrie, John Steinbeck, Christine Nöstlinger, Susan E. Hinton, Peter Härtling ou Ursula Wolfe; e autorías peninsulares que comezaban a despuntar hai uns anos como Alice Vieira, Bernardo Atxaga, Jordi Sierra ou Patxi Zubizarreta. O editor conseguiu facerse con obras simbólicas de cada período histórico coas que alicerzar o seu catálogo e fidelizar o seu lectorado coas coleccións da Biblioteca Sherlock Holmes (1995), os Astérix (1996), as traducións de Agatha Christie (2000) e os Harry Potter xestionados en 2002 (Pena Presas 2009: 210).

Casares traduce en 1972 *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry, un dos libros máis traducidos da literatura universal e un texto de longo percorrido na edición galega. Na opinión de Navaza, o seu estilo como tradutor:

*[...] desvíase da rigorosidade do orixinal francés, tende polo regular a simplificar ou abreviar o orixinal, a naturalizalo en galego servíndose de recursos expresivos habituais do noso idioma, que revelan ata que punto o tradutor posuía o «xenio da lingua».* (Navaza, 2003: 51)

Poucos anos despois, sería tamén pioneiro ao incorporar coleccións de literatura española e catalana á lingua galega de autoría infantoxuvenil procedentes do espazo ibérico. El mesmo traduciría para a editora Altea tres libros da colección “Sendoa. Os primeiros libros dos nenos”, de autoría de M. A. Pacheco e J. L. García Sánchez; participaría nas coleccións “O dragón vermello” e “Os libros da gata”, de Argos Vergara, coa versión galega de *Kunka-Ta*, de Ricardo Alcántara; *Globo de lúa chea*, de Carme Solé Vendrell; *A cidade das estrelas*, de Mercé Company; *O can e anduriña*, de Ricard Creus ou *¡Que día máis negro!*, de Helena Rosa Trias. Guiado polo seu gusto persoal tamén traduciría obra infantil da sueca María Gripe (*Os escarabellos voan á tardiña*, 1989) ou de Gonzalo Torrente Ballester (*Doménica*, 1999), mais tamén

<sup>2</sup> En: <http://bibliotraducion.uvigo.es/index.php?idioma=ga>.

obra destinada a público adulto do seu admirado Ernest Hemingway (*O vello e o mar*, 1998) e *A Bela Otero* (2000), do seu compañeiro de tertulias, Torrente Ballester.

### Casares traducido dentro do Estado


A correspondencia que mantén con persoas que investigan fóra do país, responsables de editoras ou persoas que traducen e crean, tanto do ámbito estatal como internacional reflíctese no circuíto de exportación da obra de Carlos Casares, pero tamén na súa colaboración xenerosa en dar a coñecer outras autorías galegas.

A produción casariana está traducida a máis dunha ducia de linguas tanto en formato monografía como en antoloxías. Así, temos constancia de que o relato *Un polbo xigante* (2000), aparece en castelán dentro da antoloxía española que coordina J.J. Armas Marcelo publicada en 1998 con motivo da Exposición Universal de Lisboa (*Los mares de Iberia*, vol. 4. Sociedad Estatal Lisboa 98).

Centrarémonos aquí na obra traducida publicada en formato libro. Existe obra dispersa traducida en antoloxías e na Fundación Carlos Casares consérvanse varios manuscritos de traducións inéditas que aínda non viron a luz ata a actualidade e que farían un total de 25 versións en diferentes linguas<sup>3</sup>.

Relatos e novelas do escritor ourensán destinados a público adulto están en castelán por man allea de Xesús Rábade Paredes en (*Los oscuros sueños de Clío*, 1984) ou Basilio Losada (*Ilustrísima*, 1981) ou en tradución do autor (*Los muertos de aquel verano*, 1987; *Dios sentado en un sillón azul*, 1996 e *El sol del verano*, 2003).

A compilación íntegra de *Vento ferido* (1967) e *Os escuros soños de Clío* (1979), xunto con varios textos breves dispersos publicados no seu día en prensa saíría á luz dez anos despois do seu pasamento nunha coidada edición da empresa catalana Libros



3 Queremos deixar constancia do noso agradecemento ao seu director-xerente, Gustavo Adolfo Garrido, e a Miguel Valverde.



Deus sentado nun sillón azul en catalán.  
Tradución de Lluïsa Soós (Déu assegut en una  
butaca blava, Proa, 2001)

del Silencio (*Narrativa breve completa*, 2012). O volume pertence á colección “Miradas” que, segundo reza a súa web ten por obxectivo reunir:

*Narrativa de calidad de todas las épocas y procedencias. Descubrir nuevas voces del panorama nacional e internacional, así como recuperar autores de prestigio jamás traducidos o, en nuestra opinión, injustamente olvidados*<sup>4</sup>.

A extensa obra narrativa de Casares inaugurouse con *Vento ferido* (1967), un conxunto de doce historias marcadas pola violencia e o fatalismo. En 2010 a editora Punto de Partida editaría por primeira vez unha versión en español do libro de relatos, en tradución

de Mónica Álvarez e prologada por Juan Cruz que salientaba “al mejor contador de historias del mundo”.

Tamén é póstuma a edición castelá do relato “Cando cheguen as chuvias” de *Vento ferido*, realizada pola poeta e académica Luz Pozo Garza en 2001. Magdalena Aguinaga, agregada do Ministerio de Cultura español en Toronto, encargárase da edición dunha antoloxía de contos galegos para a editorial Castalia na colección “Prima” na que incluíría a tradución dese relato que ocuparía un papel central na colectánea en versión bilingüe. O volume apareceu en 2012 en versión electrónica na web da Deputación de Pontevedra<sup>5</sup>.

A calidade literaria da obra e a temática tratada en cada unha das novelas, motivaría a posibilidade de chegar a ser traducidas e publicadas fóra de Galicia. O recoñecemento aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior nas catro linguas do Estado concedido pola Asociación Española de Críticos Literarios sería para unha das primeiras novelas de Casares (*Xoguetes para un tempo prohibido*, 1975), que traduciría o escritor Xosé Miguel Suárez Fernández ao asturiano e publicaría en 1993 a editorial Trabe. En 2004 corresponderíalle a Pablo Marín Estrada facer o propio con *Os escuros soños de Clío* en asturiano para a mesma editora. Outro tanto sucedería coa aparición de *Ilustrísima* (1980). A novela que conta os desacougos dun bispo ante os atrancos que supón instalar na vila un cinematógrafo sería traducida ao español polo profesor Basilio Losada e prologada por Gonzalo Torrente Ballester, un ano despois da súa publicación en galego (Luis de Caralt, 1981), e máis tarde ao catalán polo escritor Josep Franco Martínez para Bromera (1996).

A partir de 1987, e con menor distancia temporal respecto da creación, a edición dos orixinais galegos de Casares pasarán ás linguas do Estado e case de xeito simultáneo ao prelo dunha editora española de prestixio como Alfaguara. Juan Cruz será o editor da

4 En: <http://librosdelsilencio.com/editorial#marcacolectores>

5 En: <http://pdf.depontevedra.es/ga/151/pBfFohVJbr.pdf?> Tradución e notas de Aguinaga. Contén relatos de Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Ramón María del Valle-Inclán, Wenceslao Fernández Flórez, Álvaro Cunqueiro, Camilo José Cela, Luz Pozo Garza, Maruxa Olavide, Manuel Rivas e Carlos Casares.

obra casariana en castelán e prologará algunhas traducións, que como xa apuntamos realizaría o propio autor. Casares indicaba que o facía pola dificultade que supoñía traducir a linguaxe xudicial no caso de *Os mortos daquel verán* (1987). Mais tamén tivo seguramente algo que ver o valor simbólico engadido que acadan os textos traducidos cando son as propias autorías as que levan adiante ese traballo. Con *Deus sentado nun sillón azul* (1996) Casares recibe de novo o Premio da Crítica española (1997) e conságrase dentro do espazo ibérico ao ser finalista do Premio Nacional de Narrativa (1998). A versión catalana de Lluïsa Soás editaríase en Proa (*Déu assegut en una butaca blava*, 2001). A temperá desaparición de Casares impediu que puidese poñerlle o ramo á versión española de *O sol do verán* (2002), tamén Premio da Crítica publicada en castelán meses despois do seu pasamento, grazas á colaboración de Dolores Vilavedra e Damián Villalaín.

Como escritor, Casares exerce un papel esencial na renovación da narrativa galega e foi un precursor da literatura infantil e xuvenil galega. A obra destinada a este sector do público lector tivo tamén moi boa recepción dentro do espazo ibérico. *Lolo anda en bicicleta*, de Casares (1996) inaugura a colección “Bambán” que Galaxia comparte con Editores Asociados. O conto aparecerá publicado ese mesmo ano ao español (traducido polo propio autor), ao valenciano por Avel·lí Llinac, ao vasco por Joxantonio Ormazabal e ao catalán en dúas ocasións (1996) por Jordi Vidal e Blanca Cassany. O consorcio entre editoras estatais, como xa sucedera en 1966 con La Galera, ofrecía a oportunidade de ver textos galegos traducidos a outras linguas de modo case simultáneo e así conseguir un lectorado infantil máis amplo que precisaba de lecturas variadas nas súas linguas (Roig-Rechou 2009: 127). O mesmo fenómeno sucede con *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), que podemos ler en castelán, éuscaro e catalán, pero tamén traducido a espazos e linguas máis distantes como o bretón (*Toupi ar c’hi ba krispi ar bleiz*) por Beatris Jouin e o sardo (Su cane Rubinu e su lupu Crispinu) por Diegu Corraïne en 1989 ou o ucraíno (*Нлоп̣чык, жакыж прыносyt’ ṣ̌castja / A galiña azul*, 1969) por Myhajlo Lytvyneç (1991).



Lolo anda en bicicleta en éuscaro. Tradución de Joxantonio Ormazabal, 1996

## A proxección internacional

Casares foi un axente mediador e un frenético activista cultural. A partir da década dos noventa viaxa moito e increméntase a súa proxección pública tanto dentro como fóra de Galicia. As súas relacións co mundo académico no exterior a través das e dos hispanistas dos Centros de Estudos Galegos e da Asociación Internacional de Estudos Galegos e os primeiros congresos nos que participa constitúen a senda pola cal vai circular a súa traxectoria persoal e a súa obra: John Rutherford (Oxford), Dieter Kremer (Trier), Eloísa Álvarez (Coímbra), Luciana Stegagno, Giulia Lanciani ou Anna Ferrari (Roma), Carmen Rodríguez (Estrasburgo), Javier Gómez Montero (Tubinga), M<sup>a</sup> Carmen Trenado (París), Miguel Ángel Viqueira Niel (Lisboa), Xosé A. López (Basilea), Pedro Peira Soberán (Inst de España en Liverpool) e un longo etcétera.



Toupi ar c'hi ha krispi ar bleiz / O can Rin e o lobo Crispín, traducido ao bretón por Beatris Jouin



Su cane Rubinu e su lupu Crispinu / O can Rin e o lobo Crispín, tradución de Diegu Corraíne ao sardo en 1989

Casares presenta libros, participa en xurados de premios literarios de recoñecido prestixio, asiste a múltiples actos oficiais e participa en innumerables encontros en París, Baltimore, Chicago, Providence, Montreal, Toronto, La Habana, Santiago de Chile, Bos Aires ou Lisboa. O escritor ten responsabilidades en organismos e institucións institucionais como o Pen Club, imparte conferencias e cursos nas universidades de City Universidade de Nova York, Hunter College NY, Maine, Kentucky, Brown, Andrews, Minnesota, Rutgers University, Londres, Heidelberg, Lund, Stanton e nos institutos Cervantes repartidos polo mundo.

Froito desas relacións, diversos axentes e persoas mediadoras procuran a difusión da súa obra por razóns moi diversas, que en moitos casos, aínda están por investigar. Así, *Os escuros soños de Clío* (1979), unha novela curta onde Casares xoga coa historia e mostra o mellor da súa imaxinación vaise converter no seu libro de narrativa máis traducido<sup>6</sup>. Pódese ler en castelán (*Los oscuros sueños de Clío*, 1984), en italiano, alemán, ruso e ucraíno. A porta do castelán quizás permitiu que chegase completo ao italiano (*Gli oscuri sogni di Clío*, Japadre Editore, 1989) da man de Gulia Lanciani. En 1993 viaxou a Alemaña convidado polo Instituto Literario de Berlín e a tradutora Elke Wer para falar da literatura galega escrita en ga-

lego. Catro narracións de Carlos Casares, foron traducidas directamente do galego ao ruso, publicadas na *Antología del cuento español contemporáneo* editada na Unión Soviética (1984), con motivo dun convite da Unión de Escritores Soviéticos, en Moscova. Alí coñeceu a Alexander Sádukov, o profesor de portugués tradutor da súa obra. Anos despois, Casares montaría no *Expreso da Literatura* (2000) para vivir unha experiencia de convivencia entre oitenta escritores de máis de sesenta linguas, realizada nun tren que ao longo de máis dun mes percorreu toda Europa, desde Lisboa a San Petesburgo.

Podemos leer *Os escuros soños de Clío* en inglés, catalán, italiano e castelán, mesmo en varias versións que multiplican as súas lecturas e o seu interese. Mais *Vento ferido* é quizais un dos seus textos máis visitados pola tradución. *Vento ferido* está en catalán, italiano e castelán en versións elaboradas polo autor e por man allea. Se ben é certo que a obra non verá a luz en versión íntegra traducida ao inglés ata dous anos despois da morte do autor, grazas ao traballo de Rosa Rutherford (*Wounded wind*, 2004), publicado pola editora independente Planet, ubicada en Aberystwyth (Gales). Casares xa estivera en 1998 convidado polo profesor Xoán González Millán para dar un curso de literatura galega en Nova York e xa se tratara alí de realizar un primeiro intento de traducir parte da súa obra nun obradoiro que daría á luz unha publicación en inglés. Aínda que non temos constancia da existencia do manuscrito, hai traducións previas de “Cando cheguen as chuvias” (“When the rains come”) da profesora Kathleen March na antoloxía *Así vai o conto. An Anthology of Galician Short Stories* (Nova York, 1991) e do británico Tony Escasany: “Vou quedar cego” (“I’m going to be blind”, 1998), publicado na revista *Donaire*, en Londres. Outros relatos ou fragmentos van incluídos nas antoloxías de literatura galega en inglés publicadas en anos mais recen-


<sup>6</sup> O relato inicial titulado “O xogo da guerra” ten versión inglesa, catalana (Radio Nacional en 1993) e italiana de Danilo Manera (*Racconti galeghi. Antoloxía do canto galego*, Roma, 1991).

tes: *Anthology of Galician literature 1196-1981 = Antoloxía da literatura galega 1196-1981* (2010) e *Breoghan's Lighthouse. An Anthology of Galician Literature* (2010).

Nese último volume hai un extracto en inglés de *Ilustrísima* (1981), en tradución de Anne MacCarthy e Juan Casas. *Ilustrísima* está traducida ao castelán e ao catalán e apareceu publicada recentemente en francés (*Monseigneur ou l'affaire du cinématographe*, Ker Éditions, 2014), grazas aos esforzos do seu tradutor Michel Wagner, do que temos constancia da correspondencia establecida con Casares dende 1998.

O universo literario de Casares permanece grazas á súa riqueza, e a tradución da súa obra, prologada e traducida sempre por autorías de prestixio, permite que o seu legado siga presente mais alá das nosas fronteiras, anos despois da súa desaparición.

A Real Academia Galega acordou dedicarlle a Carlos Casares, no décimo quinto aniversario do seu pasamento, o Día das Letras Galegas do ano 2017. Con este traballo sumámonos ao recoñecemento da súa persoa e da súa obra e damos a coñecer parte dos fondos que del dispón a Fundación Carlos Casares en publicación íntegra e parcial noutras linguas que se seguen a realizar aínda na actualidade.



*Ilustrísima en francés. (Monseigneur ou l'affaire du cinématographe, Ker Éditions, 2014), Tradución de Michel Wagner.*

### Referencias

FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (2003) "Memoria de editor". *Qui-mera*, nº 217, pp. 20-23.

LUNA ALONSO, Ana e Galanes Santos, Iolanda (2012) "As traducións inéditas de Carlos Casares", *Grial*, nº 196, pp. 38-47.

NAVAZA, Gonzalo (2003) "Carlos Casares e a traducción literaria ó galego". *Revista de Estudos Miñoranos*, nº monográfico, pp. 51-54.

PENA PRESAS, Montse (2009) "Carlos Casares, tradutor diverso e editor entregado de literatura infantil e xuvenil", en Noia, Camiño; Rodríguez, Olivia & Vilavedra, Dolores (eds.). *Actas Simposio Carlos Casares*. Coordinado por Xosé M. Soutullo. Fundación Carlos Casares. Vigo: Tórculo, pp. 200-211.

ROIG-RECHOU, Blanca Ana (2002) "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil". *Revista Galega do Ensino*, nº 35, pp. 235-246.